CATECISMO DO LABREGO

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
F 6430
Biblioteca

CATECISMO

D' A

Doutrina Labrega

COMPOSTO POL-O

R. P. M. Fr. Marcos d' a Portela

DOUTOR EN TIOLOXÍA CAMPESTRE

Décimaquinta edición

ORENSE

Imprenta de EL ECO

1909

DOUTRINA LABREGA

DECRARACIÓN

D' A DOUTRINA LABREGA

P. ¿Sodes labrego?

R. Sí, pol-a miña desgracia.

P. Ese nome de labrego, ¿de quén o recibiche?

R. D' o sacho que me fai callos n-as maus, d' a terra que rego c' o suor d' a miña testa, d' as mouras fames que paso, d' o aire que brua n-as miñas faltriqueiras, d' a monteira que levo n-a chola, d' a coroza de palla que me libra d' a chuvia, d' as cirigolas d' estopa que me cobren de medio corpo abaixo, e d' outras cativeces entr' as que vivo aguniando.

P. ¿Qué quere decir labrego?

R. Home acabadiño de traballos, caste de besta de carga n-a que tanguen á rabear os que gobernan, sér á quen fan pagar cédula como ás presoas pra tratalos com' ôs cas, que andan pol-as carrilleiras e congostras como almas en pena, esvaídos, fracos, esfamiados, pensando n-o pan que non lles ven ás maus, e n-os cartiños que fuxen d' eles como d' a queima, botándolle olladas degorantes ôs aparadores d' os almacés onde se vende xamón, salchichós pôlos asados, perdices, dulces, conservas, queixos e

outros manxares apetecentes; pensando n-as veces que pol-o día adiante se ll' abre á un a boca, e se lle vai o estómago, xa canso de non dixerir mais que patacas, cando as hay, pra comelas en cachelos, e sin sal moitas veces pra seren gallegas enxebres, pois maldita si gracia teñen nin xiquera ll' a fan ô estómago.

P. ¿Cómo saberá o que tén que traballar?

R. Vendo que non hay un chavo, nin unha cunca de fariña n-a chouza, que o recaudador non dorme, que hay que manter â muller y-ôs fillos, que os que gobernan non fan mais que pidir trabucos, que os que mandan queren ter sempre o comedeiro acugulado, que o persupuesto de gastos é un pozo sin fondo, e que o persupuesto d' ingresos non pasa de ser unha cesta que os estadistas se degoran por encher d' auga, que sin cartos non se pode dar un paso n-este mundo, nin hay xusticia, nin direito, nin xiquera é un xente, que dende que lle chaman á un *voto* n-o bautismo, hastra *niquitate* n-o enterro, pasando pol-a confirmación, en que nos dan unha lufiada n-a cara, hastr' o matrimonio en que nos xunguen â unha muller pra facer unha xunta de boy e vaca que ha turrar pol-o carro d' a familia, temos que soltar os cartiños d' unha maneira ou d' outra, pois si non é por fas é por nefas.

P. ¿Cómo podrá esquecerse d' o que tén que pagar?

R. Poñéndose bébedo, volvéndose louco, meténdose cen brazas debaixo de terra ou morrendo.

P. ¿Cómo non se coidará d' o que tén que recibir?

R. Facéndose de conta que tén os hosos de goma pra que non lle doan por moito que mallen n-eles, non pasándolle nin pol-as mentes que

ha de recibir cousa que sea de porveito, nin que valla diñeiro, porque os labregos, de recibiren, fora d' o ben que lles veña recibindo á Dios, non reciben mais que xiringazos.

DIVISIÓN

D' A DOUTRINA LABREGA

P. Xa vimos como sodes labrero, como estades acabadiños pol-o nome e pol-a fame de labrego, mais dicíndeme agora, ¿cántas cousas está obrigado á saber y-entender o labrego cando chega á ter uso de razón?

R. Catro cousas.

P. ¿Cáles son?

R. Saber o que se deixa de comer, saber o que tén que traballar, esquecerse d' o que tén que pagar e non coidarse d' o que tén que recibir.

P. ¿Cómo saberá o que deixa de comer?

R. Facendo recordo d' as larotas que se pasan n-a sua chouza; estabrecendo comparanzas entr' os manates de bandullo, á xeito de bombo; mofretes infrados, rexos e ben mantidos que se pasean, y-entr' os labradores que levan faltriqueiras n-o traxe por fantesía, boca n-a cara por bulra, que andan d' arrastro com' as cobras, que furgan n-a terra com' as toupeiras, que traballan moito e comen pouco, que, á somellanza d' os burros d' arrieiro, que levan o viño e beben auga, precuran o trigo pra comeren o milo, que andan langraneando por unha peseta sin poder nunca xuntala, e que veñen á ser con-

siderados pol-os seus somellantes como un ninguen, que, á todo chamar, chámanlle Xan peisano.

P. ¿Qu' entendedes por home de labranza?

R. Unha casta de boy posto de pé, unha máquina de sacar diñeiro d' a terra.

P. ¿Cál é a sinal d' o labrego?

R. A probeza.

P. ¿Por qué?

R. Porque n-ela vivimos e morremos.

P. ¿De cántas maneiras usa o labrego d' esta sinal?

R. De duas.

P. Cáles son?

R. Aunar ô traspaso e andar â mioca.

P. ¿Qué cousa é aunar ô traspaso?

R. Unha cosa muy condanada que fai debecer as carnes, abrir a boca, ronronar as tripas e infrar o estómago.

P. ¿Qué cousa é andar â mioca?

R. Deitarse con apetencia y-erguerse con fame; sentir antoxos de comer pan e de beber viño, e non facer mais que comerse o xenio e beber os ventos.

P. Mostrade cómo.

R. Meto por aquivoco as maus n-as faltriqueiras, e solasmentres alcontro aire...; collo o saco d' o grau pra ir ô muiño e non topo mais que lenzo; vou â casa d' os que teñen, á pidir un peso emprestado, e si non me dan co-a porta n-os fuciños, despáchanme con palabras de moito peso, pro non c' o peso qu' eu cobizo; vai o recaudador pra que lle pague os trabucos e non hacho mais que disculpas que lle dar.

P. ¿Por qué metedes as maus n-as faltriqueiras?

R. Por non perder a costume qu' herdamos d' os nosos páis, que viviron mais acomodados.

P. ¿Pra qué as levades â bôca?

R. Enganándonos, coidando que son pan pra ver si d' este xeito entretemos o estómago.

P. ¿Por qué as levades ô sacho?

R. Porqu' en todo tempo e lugar os nosos gobernantes nos piden as pagas d' os trabucos y-os señoríos as rentas.

P. ¿Cáles son os vosos nemigos?

R. Cóntanse por centos.

P. ¿Qué nemigos son eses?

R. A maores d' o mundo, d' o demo e d' a carne, como teñen todal-as xentes, temos un fato d' eles: nove Ministros en Madril, o Delegado d' a Facenda n-a provincia, o Adeministrador d' a Subalterna n-o partido, o Alcalde, os Concexales y-o Sacretario n-o Concello, o cacique d' a parroquia, o veciño de porta con porta, a miseria n-a casa, os pedriscos n-os eidos, a filoxera n-os viñedos, o recaudador metido n-a cabeza, os trabucos e a contribución territorial n-a cana d' os hosos, a de consumos entalada n-as gorxas, a crência de que non hemos millorar de sorte n-o espritu, as falcatruas d' a curia enterradas hastr' o redaño, etc., etc., etc.

P. ¿Y-o traballo ten virtude contra eles?

R. Non padre, nin esta.

P. ¿E por qué non?

R. Porque non hay cartos que lle cheguen nin o traballo rende pra contentalos.

PRIMEIRA PARTE

EN QUE SE DECRARA O CREDO Y-OS ARTÍCULOS

P. Escomenzando pol-o primeiro, ¿quén dixo o credo?

R. Os Apóstoles.

P. ¿Pra qué?

R. Pra que andemos de cote co-él n-a boca.

P. ¿E vos pra qu' o decides?

R. Pra que Dios nos teña d' a sua mau, que boa falta nos fai.

P. ¿Qué cousa é fe?

R. Creer o que non vimos.

P. ¿Vístes as moedas de cinco pesos?

R. Non, padre.

P. ¿Y-os billetes de Banco de cen pesetas?

R. Non, padre.

P. ¿E creendes n-eles?

R. O qu' é creer, creemos.

P. ¿Por qué creedes?

R. Porque oubimos falar d' eles ôs ricos; porque sabemos que os nosos cartiños vanse xuntando n-as faltriqueiras d' os zumezugas de todal-as castas pra se convertir en moedas e billetes; porque nos deprocatamos de que â conta d' eles medran, trunfan e campan ôs que s' alcontran n-o poleiro.

P. ¿Qué cousas son as que creedes como labregos?

R. Os artícu'os principalmente como se conteñen n-o credo.

P. ¿Pra qué son os artículos?

R. Pra dar noticia d'os dioses d'a nosa aldea.

P. ¿Quén son eses dioses?

R. O Alcalde noso señor, o Sacretario noso amo, y-o Cacique noso dono.

P. ¿Quén é o Alcalde noso señor?

R. É a cousa mais condanada que se pode dicir nin pensar; un señor infinitamente malo, burro, larpeiro, inxusto, principio de todal-as nosas desgracias e fin de todal-as nosas facendas.

P. ¿A condanadísima Trinidá quén é?

R. É o mesmo Alcalde, o mesmo Sacretario y-o mesmo Cacique, tres presoas distintas e unha sola calamidá verdadeira.

P. ¿O Alcalde é dios?

R. É sí señor.

P. ¿O Sacretario é dios?

R. Ogallá non-o fora.

P. ¿O Cacique é dios?

R. Así él adoecera com o é.

P. ¿O Alcalde é o Sacretario?

R. Non señor.

P. ¿O Sacretario é Alcalde?

R. 'As veces.

P. ¿O Cacique é Alcalde ou Sacretario?

R. Si non-o é, como si o fora.

P. ¿Por qué?

R. Porque si as persoas son distintas, vólvense unha sola cando se trata de mallar en nós, e de zugarnos a sangue ou de espremernos a faltriqueira.

P. E logo ¿cántas naturezas, entendementos e voluntás hay n-eses dioses?

R. Naturezas duas, unha de lobo e outra de porco; entendementos, ningún; voluntás, a d' o

Gobernador, a d' o Diputado, a d' o Xuez y-as suas malas voluntás.

P. ¿Cómo é dios o Alcalde?

R. Mintindo unha infruencia que non tén, agarapiñando votos n-as urnias, sacándolle a monteira e facéndolle retesías ôs que mandan, asoballand' ôs que tén baixo de sí, recollend' os xamós d' as nosas chouzas e partindoos c' os manates d' a vila, sacando cartos ôs quintos cando se tercia, pra seren os primeiros en riqueza e os últemos n-o reparto de consumos, armándolle a gayola ôs que non son d' a sua corda, repartind' os destinos d' o Concello ent' a xente d' a familia, lobos d' a camada, y-os que se deixan ver por adiantado estrapexando n-a política com' os esgarabellos n-a bola, e facendo, en fin, cantas falcatrúas se lle veñen ás mentes pra conservar ó mandiño.

P. ¿Cómo é criador?

R. Porque saca ôs Diputados y-ôs Rexidores d' a nada.

P. ¿Pra qué criou Dios ô labrego?

R. Pra servir ô Alcalde e morrer de fame n-esta vida e si cadra vivir ardendo n-a outra.

P. ¿Tén o Alcalde figura corporal como nosoutros?

R. Eso din, anque pra nosoutros é como si víramos ô demo.

P. ¿Quén é o Sacretario?

R. E unha feitura d' o señor Alcalde, tan bô como él, e que se fixo Sacretario pra nos reventar e darnos mal exempro.

P. ¿Cántas naturezas, voluntás y-entendementos hay n-o Sacretario?

R. Naturezas unha sola y abonda; voluntás, a sua y-a de todol-os que tén por riba, y-entendementos, s' algún tén, mais valera que non-o tivese.

P. ¿E cántas persoas e memorias?

R. Unha sola persoa con moitas caras, e memoria a d' abondo pra se recordar d' o que lle tén conta.

P. ¿Qué quere dicicir Sacretario?

R. Acabador.

P. ¿De qué?

R. D' a nosa pacencia e d' os nosos cartos.

P. ¿Cómo foi concebido o Sacretario?

R. Obrando o Alcalde y-o Cacique contra natura e milagreiramente.

P. ¿Por qué dicides contra natura e milagreiramente?

R. Porque o Sacretario non foi concebido nin naceu com' os demais homes.

P. ¿Pois cómo s' obrou o misterio d' a conceución d' o Sacretario?

R. N-a mala idea d' o señor Alcalde meteu o Cacique o pensamento de que pr' acabar c' o país era perciso un home de sangue moura, malas entranas e piores feitos; por un sopro d' o demo saliu un corpo com' o cobizaban, uníronlle un alma atravesada, firmaron o nombramento, y-o que dinantes era solasmentres home quedou feito Sacretario.

P. ¿E cómo naceu milagreiramente?

R. Saindo d' a cabeza d' o Alcalde sin detrimento d' sua brutalidá, â maneira que sai un preso d' a Cárce-Modelo, sin romper reixas nin portas.

P. ¿Por qué quixo ser Sacretario?

R. Pra facer a vida d' o labrego un inferno.

P. ¿Qu' entendedes por inferno?

R. A aldea en que viven os labregos.

P. ¿Pois cántos infernos hay?

R. O inferno d' os que pagan trabucos e rentas, e non teñen pan que levar â boca; o purgatorio d' os que van ô servicio d' o rey,

vendo quedar os fillos d' os ricos n-a sua casa; o limbo d' os nenos onde s' alcontran os que fan o aprendizaxe de labregos, descalzos de pé e perna, esfarrapados, acoradiños de fame, arrecadand' o gando n-a chouza, y-a leña n-o monte e sin ver xiquera unha letra d' a cartilla d' os Cristos; y-o limbo d' os xustos, onde viven os alpabardas que crên n-as padricaciós d' os políticos, n-as promesas d' os diputados, n-a proteución d' o Goberno, en que han de sair campantes d' os seus atolladeiros sin untar o carro, y-en que lles han de facer xusticia tendo solasmentres razón; xente a mais filiz de todas porque pensa que abonda traballar pra comer.

P. ¿Qué cousa é estar sentado â direita d' o señor Alcalde?

R. Ter cuasementes o seu anaquiño de mando, poder turrar d' a corda pr' os amigos, facer toda caste de falcatrúas ôs contrarios, remexer n-as trécolas d' o Concello, e sacarlle sustancia á todol' os nagocios que lle pasan pol-a mau.

P. ¿Qué creedes cándo dicides que hay Concello?

R. Que hay alí unha ducia de lampantís d' os que non se pode agardar nada bô: xente que cando se xunta non pensa mais qu' en espremernos o xugo, en sacarnos os cartos pr' os consumos y-os fillos pr' a guerra; en facernos traballar por prestación n-os camiños que van direitos âs suas casas; en quitarnos o voto e darnos a cédula persoal; espritus malinos que lle fan mal de ollo âs pitas d' o noso corral y-ôs porcos d' o noso cortello; que cando s' axuntan é o mesmo que si s' escornaran duas nubes de pedrisco sobre os nosos eidos, e cando se soparan e pasan por diante de nós hay que facerlles a cruz com' ô demo e sacarlles a monteira com' ôs fidalgos.

P. ¿Ademais d' o que levades dito, creedes outras couses?

R. Si padre, porque tod' o que se dí d' esa xentiña é pouco.

P. ¿Qué cousas son esas?

R. Eso non m' o preguntedes á min que non podrei contestalo por mor d' a curia que, com' o zorro co-as galiñas, ándanos ganando as voltas pra poñernos â sombra.

M. Facendes ben en calarvos, porqu' en boca pecha non entran moscas, y-ô bô calar chámanlle labrego.

SEGUNDA PARTE

EN QUE SE DECRARA O QUE SE HA DE PIDIR

Xa vimos como sabedes o que se ha de creer: veñamos ô segundo qu' é o que se ha de pidir. D' as oraciós que rezades, ¿cál é a que mais vos gusta?

R. O Padre nuestro.

P. ¿Por qué?

R. Porque tén sete peticiós, que son poucas pra nosoutros, pois temos moito que pidir.

P. ¿Cáles son?

R. A primeira é: santificado sea o teu nome.

P. ¿Qué pidides n-esa petición?

R. Que lauden á Dios, o mesmo que nosoutros, aqueles que solo s' acordan d' él cando fan a carantoña, e pasan a vida facéndonos aduanadas.

P. ¿Cál é a segunda?

R. Veña á nós o teu reino.

P. ¿Quén pide eso?

R. Aqueles que se dormen n-as pallas mentras nosoutros adoecemos á traballar; os que fan política n-as aldeas pra encher o bandullo; os que maxinan que todal-as cousas d' o mundo se fixeron pra eles e arrapañan c' o seu e c' o d' os veciños; os que pra vivir agardan que lles

cayan n-o papo pás cocidos d' o ceo; y-os que sin traballar nin teren rentas viven fidalgamente.

P. ¿E vosoutros pidides o mesmo?

R. Nosoutros pidimos o reino de Dios porque o d' este mundo anda en maus de catro galafates.

P. ¿Cál é a terceira?

R. Fágase a tua voluntade así n-a terra como n-o ceo.

P. ¿Qué pidides n-eso?

R. Pidimos que Dios veña á gobernar este cotarro que anda levado d' o demo.

P. ¿Cál é a coarta?

R. O pan noso de cada día dánolo hoxe.

P. ¿Qué pidides n-esa petición?

R. ¡E vosté non-o vé santiño! Pidimos pan pra levar â boca, xa que pra nosoutros ou anda pol-as nubes, ou está pechado con cerrollo n-as tullas d' os vinculeiros. Pidimos algo que comer xa que traballamos como negros. Pidimos pan pra manter os fillos que nol-o piden en coiros e co-as mauciñas direitas. E non é moito pidir pan, xa que o compango é pr' os que poden.

P. ¿Cál é a quinta?

R. Perdónanos nosas deudas así como nosoutros perdonamos ôs nosos deudores.

P. ¿Qué pidides co-eso?

R. O que non-os han dar nunca: pois inda ben non lle debemos un peso á calquera, xa temos o ministro â porta co-a demanda. Os nosos deudores ben perdoados están porque ninguen nos debe nin chavo.

P. ¿Cál é a sexta?

R. Non-os deixar cair n-a tentación.

P. ¿E co-eso que pidides?

R. Que Dios nos teña d' a sua mau e que nos coute ben, porque tanto mallan en nós, e tales

cousas nos fan, e tan amoladiños andamos, que si nos deixamos levar pol-o xenio e caimos n-unha mala tentación, o día que menos se pense non quedan nin os ratos n-Alcaldía.

P. ¿Cál é a séutima?

R. Mais líbranos de mal.

P. ¿E n-eso qué pidides?

R. Que nos quite Dios d' entre as uñas d' esta xentiña que non fai nada que pra ben sea.

P. ¿Qué quere dicir a palabra *Amén?*

R. É unha cousa que os que mandan nos fan dicir á todo.

P. ¿Cando dicides *¡Ave María!* con quén falades?

R. C' o repartidor de consumos cando nos dí a cota que nos impuxo; c' o veciño que nos ven pidir unha peseta emprestada pra sair d' un apuro; c' o Alcalde que nos aconsella que votemos o candidato d' o Goberno prometéndonos montes e moreas; c' o médeco que nos pide mais de dous ferrados de centeo pol-a avinza; c' o escribao cando nos notifica a tasa d' as costas d' o último preito, e c' o señor abade que nos dí que debemos aunar n-a Coresma, esquecéndose de que aunamos á traspaso o ano enteiro.

P. ¿Pra qué son os ánxeles?

R. Pra gardarnos.

P. ¿Logo os labregos tendes ánxeles que vos garden?

R. Sí padre, pro ás veces parece que se dormen á xuzgar pol-o desamparo en que nos deixan.

TERCEIRA PARTE

EN QUE SE DECRARA O QUE SE HA D' OBRAR

Xa vimos o que habedes de creer e pidir; vexamos agora cómo sabedes o que habedes d' obrar; dicide: ¿Cál é o primeiro mandamento?

R. Amar á Dios sobre todal-as cousas.

P. ¿A qué nos obriga este mandamento?

R. A adouralo e creer n-El e non desconfiar por moitos males que nos sucedan, pois xa sabemos que n-este mundo tén que haber de todo bô e malo; de maneira que si hay raposos que nos leven as galiñas, tamén hay bois que nos axudan á labrar os eidos; si temos lobos que nos coman as ovellas, hay tamén cás que nos garden a facenda; si criamos porcos n-o cortello, non faltan aduanantes que conten por adiantado c' os seus perniles; si temos fillos que nos axuden, non faltan reises que os leven pr' o seu servicio; si dispomos de viño pra quentar o estómago, tamén hay filosera qu' estraga as viñas. Por eso debemos folgarnos d' o bô, levar con pacencia o malo, e Dios sobre todo.

P. ¿Cál é o segundo?

R. Non xurar en vano.

P. ¿Quén peca contra esto?

R. Os que relaxados pol-as que lles fan, xuran e perxuran tomal-a xusticia pol-a mau,

queimando palleiros, decotando cepas, arrasando labradios, botando herba d' os ratos n-os currales d' os veciños, armándose de moca pra lle meter co-ela as razós n-a cachola ô contrario e facendo outras cativeces d' este xeito; os que por unha poya de pan e tres netos de viño sirven de testigos falsos n-os preitos e n-as causas criminales; os que botan sapos e cobras pol-a boca á calquera contratempo que teñan; os que xuran acabar c' os bês d' o veciño, levados pol-a xenreira; y-os que por botarse de valentes non din tres palabras arreo sin misturar entr' elas unha porcallada.

P. ¿Cómo se xura en falso?

R. De calquer maneira, porque non hay cousa mais fácele n-o país. Todal-as aldeas contan con picapreitos estrapexantes que poñen escola de testigos falsos, namentres as outras están pechadas. Por unha picallada e sin escrúpulos de concencia botan á presidio á calquer home de ben; por un par de pesetas non falta quen, co-a mau n-a cruz, xure que viu pol-os seus ollos, y-así Diol-o salve, voar os burros, vestidos de gardas civís os mosquitos, tirar d' un carro dous porcos e cantar misa unha ovella, ou facer un Alcalde boas obras.

P. ¿Cál é o terceiro?

R. Santificar as festas.

P. ¿Quén peca contra esto?

R. Todol-os labregos, porque ainda que oyamos a misa non podemos gardar a festa, pol-a mor de tornar a auga d' os lameiros, d' arrecadar o gando, de dar de comer ôs porcos, de levar o grau ô muiño e outras angueiras que non teñen agarda.

P. ¿Cál é o coarto?

R. Honrar pái e nái.

P. ¿E qu' entendedes por eso?

R. Darlle á nosos páis a millor vida que podemos namentres non chegamos á herdalos.

P. ¿Qué mais obrigaciós hay n-este mandamento?

R. As d' os superiores e' os inferiores y-as d' os páis c' os fillos.

P. ¿Cómo as cumprides?

R. Mandand' os fillos â escola pra que non molan n-a casa cando non temos que darlles que facer; sacándolle a monteira ôs señores cand' os atopamos n-os camiños e facéndolle a figa por detrás; entrando co-a orella gacha n-a casa d' os que mandan pra sair d' ela botando rayos e centellas.

P. ¿Cál é o quinto?

R. Non matar.

P. ¿Quén peca contra él?

R. Nosoutros non señor, pois por non matar nin xiquera matamos a fame.

P. ¿Cál é o sesto?

R. Non fornicar.

P. ¿Quén peca contra este mandamento?

R. Vellos e mozos todos puxemhs n-él as nosas maus. Pecan as mozas churrusqueiras que lle chiscan o ollo ôs mozos n-as romarías; os rapaces que andan de noite ô sarau rondándolle a porta âs nenas; as parexas que se meten entr' os centeos botando de perda o froito; os que ventando unha muller escarramelan os ollos y-ensinan os dentes com' os burros; os que lle van á facer cóxigas âs muiñeiras y-as fan bulir mais que o rodicio, saindo dempois todos enfariñados; os que apagan o candil n-o fiadeiro pr' andar âs apalpadelas; os que véndos' entre mulleres non poden ter as maus quedas; os que bailan o agarradiño n-os turreiros pra s' agarraren sin beilar n-as carballeiras; os que dando palabra de casamento non fan mais que as obras;

os que ô volver d' as festas acompañados non chegan hastra media noite â casa; e pra decilo d' unha vez, todol-os que gastan calzós e monteira ou dengue e muradana.

P. ¿Cál é o séutimo?

R. Non furtar.

P. ¿Quén peca contra este mandamento?

R. Os que non contentándose c' o que Dios lles dou procuran apañar o alleo; os que andan co-as maus n-o pote d' o presupuesto, os d' a curia que fan letras como garabanzos porque cobran por pregos os seus direitos; os xastres que nos piden unha vara de pano pra facer unha monteira; os que gobernan desgobernando; os médecos que con unturas d' ouro inutilízannos os fillos pr' o servicio d' o rei; os tendeiros que pesan co-a romana d' o demo; e miden c' unha vara pol-o xeito d' a d' a xusticia; os empregados que non teñen tempo pra despachar os nosos asuntos porque todo él lles é pouco pra fumar cigarros e falar mal d' o Goberno; os que nos espremen o xugo finxindo que nos protexen: os que non-os fan ningun servicio non andando diñeiro por diante; os usureiros que encabalan os rédetos, y-outros moitos que fora longo contar, porque o mundo está cheo de gatos que andan sempre â caza d' os probes ratiños d' a aldea.

P. ¿Cál é o outavo?

R. Non levantar falso testimonio nin mintir.

P. ¿Quén peca contra este mandamento?

R. Os diputados que din n-o Congreso que o país adianta e que o Goberno traballa por millorar a moura sorte d' os labregos; os partidos políticos que aseguran que contan co-as simpatías d' o país; os que casándose con muller rica, fea e vella sosteñen que se casaron namorados; os que á todal-as mozas lle dan palabra de ca-

samento; a muller que ôs vinte anos dí, en certos casos, que n-a sua vida otra lle pasou; o Abogado que lle dí á unha litigante que non lle cabe direito e logo resulta ô rivés; o médeco que consultando â ama d' un crego lle dí que non tén cura; o sancristán que pide pr' as ánemas, e todos nosoutros que âs veces esquecemos a verdá.

P. ¿Cál é o noveno?

R. Non cobizar a muller d' o veciño.

P. ¿E pecades contra ese mandamento?

R. Segun sea ela, señor.

P. ¿Cál é o décimo?

R. Non cobizar os bês alleos.

P. ¿Quén peca contra eso?

R. Todol-os labregos, porque non hay un que non poña os ollos n-as leiras d' o veciño.

Os mandamentos d' a eirexa labrega

SON CINCO

O primeiro oir como nos aldraxan os que mandan, como quen oye chover.

O segundo mudar de camisa unha vez ô ano, ou denantes si teñen qu' enterralo á un.

O terceiro comulgar con rodas de muiño.

O coarto aunar por boas ou por malas.

O quinto pagar todo e pra todo, e pagalas todas.

P. ¿O primeiro á quén obriga?

R. Á todol-os que teñen algo que perder, pois si nos repoñemos sainos pior a conta.

P. ¿Y-o segundo?

R. Obríganos á todos anque âs veces se nos esqueza cumplilo.

P. Vind' ô terceiro, ¿cómo se comulga con rodas de muiño?

R. Vendo como nos quitan a razón en todal-as cousas, e tendo que nosconformar c' o que veña, deixándonos engrolar por todol-os baduantes, por non saber que opoñerlles; pagándolle o sasenta por cento á un usureiro pra oirlle dicir que ainda nos axuda; indo á votar ás urnias sabendo qu' é como si non fóramos; e pr' acabar d' unha vez, deixándonos levar pol-o último que chega.

P. ¿A quén obriga o coarto mandamento?

R. Á todol-os labregos dendes de que nacen hastra que morren.

P. ¿Por qué?

R. Porque cando non hay que levar á boca é forzoso o auno; que aunque dicen que hay n-o mundo pan d' abondo pra todos, a verdá é que poucas veces chega á nós, y-eso de millo, resésego e ben tasado.

P. ¿Cómo aunan os labregos denantes de ter uso de razón?

R. O mesmo que dempois: ô traspaso.

P. ¿A quén obriga o quinto mandamento?

R. Non hay quen s' escape d' él.

P. ¿Conqué pagades por todo?

R. C' os nosos cartiños e c' o noso lombo.

P. ¿E conqué as pagades todas?

R. C' o noso lombo e c' os nosos cartiños.

P. ¿E qué pagades?

R. Os trabucos y-as falcatruadas que fan outros.

P. ¿Qué son trabucos?

R. As contribuciós, padre; vostede seica non é d' a terra.

P. ¿E por qué lle chamades trabucos?

R. Porque é unha cousa que hay que pagar anque un non queira y-anque non teña con qué, pois d' outro xeito embárgannos o pouco que temos; de maneira que nos fan ciscar as cade-

las o mismo que si nos puxesen un trabuco ô peito.

As obras de misericordia son catorce

AS SETE ESPRITUALES Y-AS SETE CORPORALES

As espirituales son estas:

A primeira ensinar ô que non sabe librarse d' as gayolas que á miudo nos arman.

A segunda dar bôs consellos ôs qu' están pra cair.

A terceira correxir ôs que non ven por onde camiñan.

A coarta perdoar as inxurias hastra que un poida facer o seu xenio.

A quinta consolar âs mulleres d' os que emigran pr' as Amérecas.

A sesta sofrir con paceneia, namentras non haxa outro remedio, as fraquezas e malas ideas d' os que mandan.

A séutima rogar á Dios pol-os nosos alcaldes defuntos.

As corporales son estas:

A primeira visitar as bodegas d' os veciños.

A segunda ensinarlle o camiño d' a taberna ôs que teñen fame e deixarse ir si convidan.

A terceira ensinarlles o camiño d' a fonte ôs que teñen sede.

A coarta redimirnos cando chegue o casò.

A quinta mandar ô xastre ôs que non teñen cirigolas,

A sesta dar pousada ô pelegrino si tén con que pagar.

A séutima levantar mortos.

COARTA PARTE

EN QUE SE DECRARAN OS SACRAMENTOS QUE SE HAN DE RECIBIR

Xa vimos como sabedes o que habedes de creer, pidir e obrar; vexamos cómo sabedes o que habedes de recibir, qu' é o derradeiro: decide os sacramentos.

Os sacramentos d' a eirexa labrega

SON SETE:

O primeiro, Bautismo.
O segundo, Confirmación.
O terceiro, Penitencia.
O coarto, Comunión.
O quinto, Extrema-Unción.
O sesto, Orden.
O séutimo, Matrimonio.

P. ¿Pra qu' é o Bautismo?

R. Pra nos facer cristianos anque logo nos traten como mouros, e pra que teñamos un nome c' o que se nos conoza n-os recibos d' a contribución, n-as listas d' o sorteo de quintas, n-as citaciós á xuicio e n-outros decumentiños por este xeito.

P. ¿Pra qu' é a Confirmación?

R. Pra que non botemos de perda o noso nome e pra que, co-a lufiada que nos dan n-a cara ô confirmarnos, nos vayamos afacendo âs que mais adiante nos han de dar n-o lombo.

P. ¿Pra qu' é a Penitencia?

R. Pra purgar os pecados alleos, que os nosos ben purgádol-os temos co-a vida arrastrada que levamos.

P. ¿Pra qu' é a Comunión?

R. Pra que manteñ' as nosas almas xa que os corpos andan famentos, como Dios e nosoutros sabemos.

P. ¿Qué se precisa pra comulgar?

R. Pr' os que non son labregos estar en aunas dende as doce d' a derradeira noite: nosoutros como sempre temos o estómago valeiro, podemos comulgar á calquer hora.

P. ¿Pra qu' é a Extrema-Unción?

R. Pra tres cousas.

P. ¿Cales son?

R. A primeira pra quitar os rastros e reliquias d' a mala vida que nos fixeron pasar; a segunda pra dar esforzo â alma contr' as malas tentaciós: a terceira pra dar salú ô corpo si lle conven.

P. ¿Qué sentides cando recibides á Extrema-Unción?

R. Unha grande legría porque conecemos que logo nos vamos á quitar d' o lombo a pesada carga d' a vida; algo así como sinte o que pousa un feixe de leña despois de traelo desd' o monte hastr' a casa, ou com' o que pasados doce anos de presidio s' atopa libre. O poñerlle á ua a Extrema-Unción acórdase de que s' acabaron pra sempre os días enteiros de turrar pol-o sacho, de pasar fames negras, d' andar pouco menos que en coiros, de pagar a territorial â Fa-

cenda, os consumos ô Concello, as rentas ôs señoríos, as costas ôs Xuzgados, os fillos ô Rey, os direitos ô Abade, as consultas ô abogado, as visitas ô médeco, as recetas ô boticario, sin contar c' o panadeiro, c' o taberneiro, c' o xastre, c' o zapateiro, e con outros moitos, porque os labregos parés que non viñemos ô mundo mais que pra pagar sempre, e inda que nos chamemos cristianos non deixamos de ser os paganos eternos. Pol-a Extrema-Unción sabe un que se vay á ver libre d' o Alcalde, d' o Secretario, d' o Cacique, d' os aduanantes de todal-as castes; sabe que s' acabaron os madrugós, y-os traballiños todos; y-ô recibila ve o labrego que logo chega o día en que tras tantos anos de fozar n-a terra pra facela producir, vaille á servir de cama onde poida cescansar pra sempre, dempois de decirlle ô mundo, «¡ehi queda eso!»

P. ¿Pra qu' é a Orden?

R. Pra que algús fillos de labregos cheguen á ser xente.

P. ¿Pra qu' é o Matrimonio?

R. Pra nada bô, señor. O matrimonio é unha cousa que facemos, como se fan outras tantas burradas. Ven á ser algo somellante como xunguirse á un carro e turrar d' él hastra morrer. Cando un non ten pan que meter n-a boca acúrreselle levar pr' a casa unha muller que lle axude á pasar fame, que é como dicir: «tí que non podes lévame âs costas». Despois veñen os fillos, que non faltan nunca n-os matrimonios labregos, y-estonces sí qu' é ela. Hay que mantelos, hay que vestilos, hay que mandalos â escola si cadra, hay que atendelos n-as suas enfermedás, hay, en fin, que facelos homes. E cando xa empezan á servir pra algo y-axudarnos n-as angueiras d' a casa, lévanos pr' o exército, e mentras eles van á facerse matar a

guerra e si volven é c' un brazo ou úmha perna de menos, nosoutros quedamos vellos e acabadiños sin podernos valer, y-espostos á morrer esquecidos como cas.

P. ¿Teñen qu' estar en gracia de Dios os que se casan?

R. Eso dín, pro eu coido que o que hay que estar é deixados d' a sua mau.

P. ¿Cáles son os pecados capitales?

R. Soberba, avaricia, luxuria, ira, gula, envexa e preguiza.

P. ¿Qué é soberba?

R. É un vérme que se lles mete n-a cabeza ôs que agarran un anaquiño de mando.

P. ¿Qué é avaricia?

R. Unha cuchumillada que nos da moito que rascar e que roe, roe, vainos despelexando pouco á pouco.

P. ¿Qué é luxuria?

R. Unha mala fada que nos leva ô matrimonio, com' os bois ô matadeiro.

P. ¿Qué é ira?

R. Unha cousa que si nos deixáramos levar d' ela...

P. ¿Qué é gula?

R. Eso non llo pergunte ôs labregos: as xentes acomodadas lle podrán responder.

P. ¿Qué é envexa?

R. Un aguillón que se nos crava n-a alma cando vemos os bês y-a facenda d' os veciños.

P. ¿Qué é priguiza?

R. Un luxo que non podemos premitirnos os que traballamos.

Os nemigos d' a alma,

DE QUE TEMOS QUE FUXIR, SON TRES

O primeiro, é o mundo.

O segundo, o demo.

O terceiro, a carne.

P. ¿Quén é o mundo?

R. Todol-as malos homes que comen, viven, trunfan e campan â conta d' o noso traballo.

P. ¿Quén é o demo?

R. Un coitadiño que n-outros tempos foi espantallo d' as xentes, e que agora veu tan a menos, que nin xiquera creto lle dan os rapaces d' a escola.

P. ¿Qué é a carne?

R. Unha cousa que din que se come, e que sabe ben, e que mantén moito, d' a que temos oubido falar á miudo, pro que non-os pasa pol-as gorxas inda que nos pase pol-as mentes.

As benaventuranzas son oito

1.ª Benaventurados os probes, porque serán tratados como bestas d' arrieiro.

2.ª Benaventurados os mansos, porque tod' o mundo mallará n-eles.

3.ª Benaventurados os que choran, porque mamarán.

4.ª Benaventurados os que teñen fame e sede de xusticia, porque os fartarán de presidio e de costas.

5.ª Benaventurados os misericordiosos, porque os amolarán canto podian.

6.ª Benaventurados os limpos de corazón, porque tamén estarán limpos de faltriqueira.

7.ª Benaventurados os pacíficos, porque todos lles farán a guerra.

8.ª Benaventurados os que padecen persecución pol-a xusticia, porque ademáis de ir â cadea pagarán as costas.

P. ¿Qué dixemos agora?

R. Oito verdás grandes como oito pás centeos.

P. ¿Quén son os probes?

R. Os coitados labregos que non saben o qu' é un día de fartura.

P. ¿Quén son os mansos?

R. Somos tamén nosoutros, porque nos amansan á fungueirazos.

P. ¿Quén son os que choran?

R. Os que saben pidir á tempo e baixarse á todo o mundo pra lograr ó que cobizan.

P. ¿Onde mamarán?

R. N-a ubre d' o presupuesto.

P. ¿Quén son os que teñen fame e sede de xusticia?

R. Os que non teñen padriño.

P. ¿Quén son os misericordiosos?

R. Catro pipiolos que non saben con quen áran.

P. ¿Quén son os limpos de corazón?

R. Os que nunca foron nada nin tiveron xeito pra emporcar as maus.

P. ¿Quén son os pacíficos?

R. Os bois e nosoutros.

P. ¿Quén son os que padecen persecución pol-a xusticia?

R. Os que lle fan a contra ôs que mandan.



Faltan documentos (páxinas, cadernos...)
ISO 9878/1990